



BANDO

ASUNTO: REGULARIZACIÓN DE ATRAQUES, FONDEOS E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DAS EMBARCACIÓNS SITAS NO ESPACIO ENTRE A PONTE DO FERROCARRIL E A ESTACIÓN DEPURADORA NO PORTO DE BETANZOS.

Dacordo coas funcións encomendadas polos artigos 6 e 75 do Regulamento de Servizo e Policía dos portos, aprobado por Orden Ministerial do 12 de xuño de 1976, e coa Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, **e co fin** de regular, racionalizar e facilitar a navegación nas augas do porto de Betanzos, concretamente o espazo comprendido entre a ponte do ferrocarril e a estación depuradora, e deste xeito organizar: **a)** os atraques e fondeos dos propietarios das embarcacións **b)** os traballos en buques que poidan xerar riscos ambientais, contaminación e vertidos **c)** a utilización das intalacóns e dominio público portuario por parte das empresas e usuarios; **esta Xefatura de Zona, RESOLVE ESTABLECER UN PLAZO ATA O 19 DE SETEMBRO PARA QUE OS INTERESEDADOS PRESENTEN O MODELO DE SOLICITUDE ADXUNTO.**

Dacordo coa Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, Portos de Galicia resérvase o dereito de retirar aquelas embarcacións que non formulen a correspondente solicitude, ou que non procedan a ocupar a zona de fondeo ou atraque autorizada por esta entidade pública; con cargo ós seus propietarios, pasándolle posteriormente os gastos orixinados e non responsabilizándose Portos de Galicia polos danos causados nesta retirada e transporte, independentemente da sanción que poida proceder por infracción do Regulamento de servizo, policía e réxime do porto.





ANEXO I- DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN

As solicitudes formalizaranse mediante o PROCEDEMENTO IF501A publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia e a disposición dos interesados na páxina web de Portos de Galicia www.portosdegalicia.com ó cal poderá acceder a través do seguinte enlace:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IF501A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>.

ANEXO II- IDENTIFICACIÓN DAS ZONAS DE ATRAQUE E FONDEO.

A identificación e situación das ZONAS DE ATRAQUE E FONDEO reflíctese no PLANO ADXUNTO a este BANDO.

Os adxudicatarios deberá abonar a Tarifa portuaria vixente que lle corresponda contemplada na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. D.O.G. nº 240, do 11 de decembro de 2003.

A Coruña, 31 de agosto de 2021.

*Asinado electrónicamente pola Xefa da Zona
Centro: Lorena Solana Barjacoba*

